

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O CASTRO" DE MOURENTE PARA A REALIZACIÓN DA XXXIII FESTA DO CALDO 2025.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra.

E, doutra parte, D. Santiago Laya Fernández, Presidente da Asociación de Veciños "O Castro" de Santa María de Mourente, segundo acordo adoptado na Asamblea Ordinaria.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN:

1.- Que a asociación de veciños "O Castro" de Mourente, leva moitos anos organizando a Festa do Caldo Galego, a mais representativa festa de carácter gastronómico que se celebra no Concello de Pontevedra, cunha gran acollida por parte da veciñanza nas ultimas edicións.

Esta asociación ven organizando dende a súa constitución unha serie de actividades de interese público encamiñadas a dinamizar a vida social e turística da cidade así como a cultura gastronómica do entorno sobre o que desprega o seu labor, a cal se dirixe non só o colectivo asociado senón tamén ó resto da poboación pontevedresa.

2.- Pola súa parte, o Municipio, ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, trala súa modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece a capacidade para promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias a promoción da actividade turística de interese e promoción da cultura e as actividades culturais; e a tenor do recollido no artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no artigo 23, do Decreto de 17 de xuño de 1955, do regulamento de Servizos das corporacións Locais, estas poderán conceder subvencións a entidades cuxos servizos ou actividades complementen as atribuídas á competencia local.

En base a canto antecede e considerando o disposto no art. 255 da Lei 5/1997, e no art. 72 da Lei 7/1985 citadas, que determinan que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso as axudas económicas para a realización das súas actividades, e considerando tamén o establecido no art. 310 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e no art. 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, respecto que





as Entidades Locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios o interese público, ou ordenamento xurídico o aos principios de boa administración, acordan celebrar o presente convenio con amaño ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA- Obxecto

O presente convenio entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de Veciños “O Castro” de Mourente ten por obxecto a celebración da Festa do Caldo Galego, evento social e gastronómico de recoñecido prestixio en Galicia e cun impacto social importante á hora de promover Pontevedra no eido do turismo, da cultura e tradicións populares.

Para elo o concello de Pontevedra achegará **12.000,00 €**, co gallo de poder levar a cabo a organización, xestión e execución do programa de actividades deste evento lúdico-festivo e gastronómico.

SEGUNDA- Excepcionalidade do convenio por causa de interese xeral e Vixencia do acordo.

Xustifícase a falta da convocatoria e excepcionalidade mediante a acreditación fundada para a concesión directa da presente subvención, as diferentes razóns de interese xeral contempladas pola normativa reguladora de fomento, caso por exemplo da singularidade, do mérito ou do proveito no relevo e complementariedade sobre competencias propias deste Concello, indicándose a súa acreditación por razóns de interese público, social ou económico, que xustifican a dificultade na súa convocatoria pública, destacándose a singularidade e mérito dos eventos a celebrar.

Este convenio entrará en vigor a partir do **1 de xaneiro de 2025**, e duración dun ano.

TERCEIRA- Obrigas da entidade beneficiaria

1.- A asociación “O Castro” de Santa María de Mourente, declárase como organizadora dos eventos resultantes do obxecto do presente convenio, obrigándose a:

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración do Concello de Pontevedra e o seu correspondente logotipo.
- b) Remitir anualmente ao Concello de Pontevedra a xustificación dos gastos levados a cabo na organización e execución deste evento no prazo que se estableza neste Convenio.
- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) Presentar previamente o inicio do evento, a correspondente documentación ou declaración responsable na que se concrete ter subscrito unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra a execución do evento consonte o determinado no Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan en Galicia determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG núm. 13 do 19/01/2023), baixo a singularidade reflectida na Lei de Galicia





10/2017, do 27 de decembro, para ese tipo de eventos, a asistencia sanitaria e dispositivos de vixilancia ou as condicións técnicas e de seguridade, as instalacións portátiles ou desmontables ou as atraccións itinerantes de feira, concretamente na súa Disposición derradeira primeira modificou a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia na Disposición adicional cuarta no senso de que as festas e as verbenas populares organizadas polas Asociacións de veciños requirirá a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da mesma na cal se relate o programa das actividades a realizar e as súas características, xuntando o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel, cos seus capitais.

- e) Obrigar o cumprimento do citado Decreto 226/2022, do 22 de decembro, sen prexuízo do que, de ser o caso, dispoña a normativa específica de aplicación, o resto de persoas titulares das actividades na festa ou verbena popular, como as orquestras ou as persoas titulares de instalacións portátiles ou desmontables, entre outros, deberán contratar as súas pólizas de seguro de responsabilidade civil específicas para o desenvolvemento das súas actividades respectivas, nos termos previstos nos artigos 8 e 11, o que debe confrontarse coa póliza achegada e a cobertura das continxencias e capitais concretos.
- f) Obrigar o sometemento ao correspondente informe facultativo da Oficina Técnica Municipal competente, e supeditarse ao seu contido, respecto da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, con carácter previo o inicio das instalacións necesarias para a realización do evento.
- g) Facerse responsable dos deberes asociados os actos a celebrar que pauta a normativa de aplicación os eventos de esta analoxía, recollidos basicamente na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

CUARTA- Orzamento do Concello

Para a desenvolvemento da actuación sinalada no presente convenio o Concello de Pontevedra achegará, do orzamento municipal a cantidade de **12.000,00 €**, para o ano **2025**.

As achegas previstas polo Concello de Pontevedra serán destinadas a financiar parcialmente os gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto deste convenio, é dicir, a organización, xestión e execución da Festa do Caldo, que neste ano acada a **XXXIII edición**.

QUINTA- Financiamento e forma de pago.

O Concello de Pontevedra, a fin de colaborar no financiamento dos gastos orixinados polo desenvolvemento da Festa do Caldo Galego, segundo o obxecto do presente convenio, comprométese a achegar a cantidade de **12.000,00 euros/anuais**, en concepto de subvención, con cargo á anualidade do ano **2025**, tendo en conta que o importe subvencionado non poderá exceder do 50% do custe da actividade, segundo se establece no artigo 5.g) da Ordenanza xeral de subvencións.

En canto a achega municipal sinalar que se ben a aplicación orzamentaria 08/4320/48901 (CONV. ASOC. VECIÑOS O CASTRO: FESTA DO CALDO) figura contemplada no estado de gastos do Orzamento Xeral prorrogado para **2025** polo importe de **12.000€**, segundo a base 51.7 das de execución do orzamento coa





prórroga actual do mesmo perdeu o seu carácter nominativo, se ben a vista do interese público do evento, se concede a citada axuda directamente en base os supostos previstos no artigos 22.2.c da LXS, 67 do RXD e 36.1.c da OXS.

A subvención outorgada efectúase baixo a suxeición e prescricións establecidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello, tendo emitido previo informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na aplicación orzamentaria oportuna.

De non xustificarse o importe total do orzamento obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, o Concello de Pontevedra minorará a súa achega de xeito proporcional.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, supere o 100% dos custos subvencionables.

SEXTA- Xustificación do gasto

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar, no Rexistro Xeral do Concello, a través da súa sede electrónica, a conta xustificativa da subvención coa forma establecida no artigo 19 da Ordenanza municipal de subvencións, polo que deberá comprender:

1. Memoria detallada coa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
2. Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable.
3. Os gastos xustificaranse con facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
4. Ditas facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago. Deberá achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago, e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello. Segundo a Lei 11/2021 de 9 de xullo, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 euros, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.
5. Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións).
6. No seu caso, a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.





A entidade beneficiaria acreditará estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Delegación da Axencia Estatal Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda e Facenda Municipal.

A data límite para a rendición da conta xustificativa das actividades rematará os **tres meses** dende a finalización prazo de execución da actividade subvencionada.

A presentación da conta xustificativa fora de prazo establecido constitúe unha infracción leve ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, polo que dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

SÉTIMA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

1.- A asociación “O Castro” de Santa María de Mourente, proverase das autorizacións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, e porá en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento das mesmas, no suposto que non resulte preciso a obtención da licenza municipal.

2.- A asociación “O Castro” de Santa María de Mourente comprométese a facer constar no material que utilice e anuncios publicitarios que efectúe a colaboración económica do Concello de Pontevedra, facéndose constar a obrigatoriedade do uso do idioma galego na difusión do evento.

3.- A asociación de veciños poderá subcontratar a execución das actividades, ata o 75% do importe das actividades subvencionadas, debido as diversas naturezas da actividades a desenrolar que recolle a preparación, desenvolvemento e celebración do evento. Os contratistas quedarán só obrigados ante o beneficiario da subvención, sendo este último o responsable da execución das actividades subvencionadas fronte ao Concello.

4.- A colaboración do concello de Pontevedra limítase á achega da subvención comprometida. Esta Administración está eximida de calquera responsabilidade civil ou de calquera tipo que poida derivarse da realización da actividade obxecto de subvención.

OITAVA.- Causas de modificación ou resolución.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 51 da lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

1. O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. O transcurso do prazo de vixencia
5. Acordo unánime das partes





6. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

A modificación do presente producirase por acordo das partes, una vez reunida a comisión mixta e paritaria, e sempre que non afecte as condicións esenciais do mesmo, de seren así debida ser sometidos os cambios o correspondente trámite administrativo para a súa aprobación.

NOVENA.- Relación laboral.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello de Pontevedra responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Así mesmo, a asociación “O Castro” de Santa María de Mourente queda obrigada a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e fiscais de tal xeito que o Concello de Pontevedra poida comprobar en calquera momento o seu cumprimento.

DÉCIMA .- Protección de datos.

As partes se obrigan ao cumprimento do previsto na normativa vixente en materia de protección de datos, en concreto, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos no que resulten de aplicación.

UNDÉCIMA.- Comisión Mixta e paritaria.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

O Presidente da asociación “O Castro” de Santa María de Mourente ou persoa en quen delegue, e en representación do Concello de Pontevedra o Ilmo Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue. Poderán asistir, a petición de calquera das partes asinantes, un ou varios técnicos da administración local.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. Reuniranse cando así o considere oportuno unha das partes.

DUODÉCIMA.- Carácter administrativo do convenio.

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse dos dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicáranse os principios da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Tendo o convenio natureza administrativa, a orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar.





E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, no lugar e data indicados na cabeceira.

O Alcalde,

O Presidente da asociación,

Miguel A. Fernández Lores

Santiago Laya Femández

ANEXO

CONDICIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DA FESTA DO CALDO 2025

1. A autorización entenderase outorgada para as datas e horas solicitadas.
2. Os solicitantes deberán contar con póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra debidamente calquera continxencia que poida acaecer no montaxe/desmontaxe da instalación, así coma no desenvolvemento da actividade.
3. Os vehículos destinados á montaxe/desmontaxe da instalación non poderán permanecer estacionados no espazo público onde se vai desenvolver a festa nin nas súas inmediacións, debendo acceder á mesma o tempo imprescindible para a carga/descarga de materiais abandonando posteriormente o lugar.
4. A autorización concédese para o fin solicitado, non amparándose actividades distintas ás instadas polos responsables.
5. A organización deberá contar, se procedera, cun proxecto de montaxe da instalación, asinado por técnico competente.





6. A organización deberá contar, no relativo á instalación da carpa, con certificado de montaxe emitido por técnico competente.
7. A organización deberán limitarse a ocupar os espazos solicitados, non amparándose maiores ocupacións das permitidas.
8. A organización responsabilizarase do estrito cumprimento do horario de apertura que figura na memoria da actividade.
9. Igualmente a organización do evento deberá xestionar debidamente os residuos xerados (asimilados a priori aos domésticos, agás os aceites) pola actividade.
10. Unha vez desinstalada a carpa/instalación o espazo público deberá quedar en perfecto estado de limpeza e ornato público.
11. A zona destinada a cociña deberá estar independizada da zona público a efectos de evitar posibles accidentes.
12. A organización deberá seguir en todo momento as indicacións da Policía Local e/ou Corpo de Bombeiros.
13. Respetarase á normativa sectorial en materia de sanidade no relativo á manipulación de alimentos.
14. En cumprimento da normativa vixente, prohíbese de xeito expreso fumar dentro da instalación.
15. O persoal voluntario ao servizo da organización, deberá contar con cobertura a efectos de posibles danos co gallo da colaboración e/ou participación no evento.
16. Atendendo á lexislación vixente, non se dispensarán bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.
17. A instalación deberá emprazarse de xeito que manteña libre unha franxa mínima de 3,5 metros lineais destinada ao posible paso de vehículos de emerxencia.

O Alcalde,

O Presidente da asociación,





Miguel A. Fernández Lores

Santiago Laya Femández

